

# Ordenanza reguladora de Publicidade

## Disposición preliminar

A publicidade incide directamente no ámbito das competencias municipais dado que, pola súa propia finalidade, xeralmente se realiza en espazos de dominio público ou con acceso visual dende este. Ademais da repercusión no tráfico e seguridade viaria, esta publicidade ten un impacto moi importante no ornato, estética da cidade e o seu Medio Ambiente, pola contaminación e sucidade que pode producir no entorno de realizarse de xeito desordenado.

Doutra banda, tamén repercute no ámbito privado dos cidadáns, no caso da repartición de publicidade domiciliaria.

A práctica de repartición publicitaria, tanto en zonas de dominio público como en zonas privadas de concorrencia ou uso público, ou con repercusións estéticas ou doutro xeito na cidade, permite a súa regulación mediante esta Ordenanza, ao abeiro da competencia atribuída aos concellos no artigo 25 da Lei 7/1985, en materia de uso do dominio público e seguridade, Urbanismo e protección do Medio Ambiente. Asemade, e ó abeiro do título XI do mesmo texto legal.

## Artigo 1.- Obxecto.

A presente Ordenanza ten por obxecto a regulación da difusión e repartición de publicidade no Concello do Barco de Valdeorras, establecendo un mecanismo sancionador para evitar a contaminación do Medio Ambiente, a sucidade, e desorde na vía pública e o establecemento de lugares habilitados polo Concello para a colocación xeral de carteis no termo municipal.

## Artigo 2.- Concepto

Enténdese por publicidade calquera acción encamiñada a difundir entre o público o coñecemento da existencia de actividades sociais, políticas, sindicais, culturais, profesionais, deportivas, económicas, ou de produtos ou servizos que se ofrezan ao consumo.

A actividade publicitaria regulada na presente Ordenanza, será a seguinte:

- Carteis, pancartas ou calquera soporte publicitario físico, colocado sobre o mobiliario urbano, muros, inmobles, zonas verdes e a vía pública.
- Publicidade comercial repartida directamente nas caixas de correo, ou para a entrega en man aos destinatarios.

## Artigo 3.- Ámbito de exclusión:

Quedarán excluídas desta regulación o seguinte tipo de publicidade:

- A instalación de rótulos, bandeirolas, e carteis luminosos nas fachadas, que indiquen denominación social de persoas físicas ou xurídicas, ou o exercicio de actividade mercantil, industrial, profesional ou de servizos que quedan sometidos á concesión de licenza e o pagamento previo de taxa ao abeiro da lexislación urbanística.
- Os rótulos colocados nas obras en execución, coa finalidade de indicar o tipo de obra, a empresa, os materiais, etc.
- A instalación de valos publicitarios na vía pública, que está sometido á correspondente Ordenanza Fiscal de ocupación de terreos da vía pública.
- A publicidade realizada polo propio Concello, ou co consentimento deste.

- As mensaxes publicitarias realizadas a través de vehículos, que queda regulada na vixente Ordenanza de ruídos e vibracións.
- Non ten a consideración de publicidade dinámica, e polo tanto quedan excluídas do ámbito de aplicación desta Ordenanza: A publicidade electoral que se rexerá polo establecido na Lei Orgánica 5/1985 de Réxime Electoral Xeral, se ben, cada partido político que coloque a publicidade electoral será responsable da súa retirada unha vez transcorrido o período electoral; os comunicados das Administracións Públicas de interese xeral ou particular; os comunicados sobre seguridade pública, protección civil ou emerxencias; comunicados relativos ao capítulo II do título I da Constitución, e publicidade das estacións de vehículos de transporte públicos.

**Artigo 4.- Requisitos da repartición domiciliar de publicidade:**

- A publicidade depositarase no interior das caixas de correo dos cidadáns, e/ou naqueles espazos que os veciños dispoñan para a súa colocación.
- Non poderá depositarse de forma indiscriminada ou en desorde nas escaleiras ou na zona de acceso aos inmobles dende a vía pública.
- Preferentemente o material publicitario deberá realizarse en papel reciclado favorecendo o uso de tinturas ecolóxicas, evitando o emprego de papel branqueado con cloro, ou plastificacións, e deberá pregarse tendo en conta o tamaño máis habitual das caixas do correo. Recoméndaselles tamén ás empresas, que inclúan na publicidade mensaxes de educación ambiental de xeito que, unha vez cumprida a súa función, se deposite nos colectores de recollida selectiva de papel e cartón garantindo a súa reciclaxe.

**Artigo 5.- Requisitos da colocación de carteis, pancartas ou calquera outro material impreso, na vía pública.**

Quedarán prohibidos:

- A colocación de carteis, anuncios na vía pública, en edificios públicos, fachadas de inmobles, árbores, zonas verdes da cidade, e mobiliario urbano en xeral.
- Botar material publicitario de xeito indiscriminado á vía pública, mediante a repartición manual de publicidade.
- A colocación de carteis en terrazas, edificios, fachadas de inmobles, etcétera, tanto públicos como privados, que non sexan os habilitados para esta función polo Concello.
- A colocación de carteis ou difusión de calquera tipo de publicidade, no patrimonio protexido no Catálogo do Plan Xeral de Ordenación Municipal deste Concello, no casco antigo e no cemiterio.
- Emprego de animais como instrumento ou complemento da actividade publicitaria.
- A colocación de publicidade ocupando os pasos peonís ou invadindo a calzada.
- A publicidade cuxo contido atente contra a dignidade da persoa ou vulnere os dereitos recoñecidos na Constitución, especialmente no referente á infancia, xuventude, muller, sectores sociais marxinados, ou que supoña un risco para a saúde e seguridade dos consumidores.

**Artigo 6.- Lugares habilitados para a colocación de carteis.**

- 1) En muros de obras, edificios de nova planta mentres se atopan en construción.
- 2) En valos de calquera tipo de obra.
- 3) En obras de restauración total ou parcial de fachadas.
- 4) Na zonas habilitadas expresamente polo Concello para a colocación da publicidade.

Nos tres primeiros casos, a habilitación que se realiza na presente Ordenanza para a colocación de carteis, limitase unicamente ao ámbito urbanístico e de protección do Medio Ambiente competencia do Concello. Trátase dunha habilitación a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, de xeito que nin presupón ni xulga o permiso do propietario ao anunciante para a colocación dos carteis, que se rexerá, como calquera relación privada, polas correspondentes normas do Dereito Privado.

En épocas electorais os lugares que destine o Concello para a colocación da publicidade dedicaranse exclusivamente a isto. Cada partido político que coloque publicidade electoral será responsable da súa retirada unha vez transcorrido o período electoral.

### **Artigo 7.- Réxime sancionador**

Tipo de sancións : segundo a consideración da infracción.

Infraccións leves: ata 750 euros.

Infraccións graves: de 751 ata 1.500 euros.

Infraccións moi graves: de 1501 ata 3.000 euros.

Para a graduación da sanción que corresponda segundo a clasificación dos feitos como infracción grave, leve ou moi grave, teranse en conta os seguintes circunstancias:

A existencia de intencionalidade, a natureza dos prexuízos ocasionados, a reincidencia na comisión das infraccións, a transcendencia social.

#### ***Infraccións moi graves:***

- Actos publicitarios de deterioro grave e relevante de espazos públicos ou de calquera das súas instalacións e elementos, sexan mobles ou inmobles.
- A colocación de carteis, anuncios ou calquera tipo de publicidade, no patrimonio protexido no Catálogo do Plan Xeral de Ordenación Municipal deste Concello, casco antigo e cemiterio, cando ocasione un grave prexuízo ou dano material.
- Publicidade cuxo contido atente contra a dignidade da persoa ou vulnera os dereitos recoñecidos na Constitución, especialmente no referente á infancia, xuventude, muller, sectores sociais marxinados, ou que supoña un risco para a saúde e seguridade dos consumidores.

#### ***Infraccións graves:***

- A colocación de carteis ou difusión de calquera tipo de publicidade, no patrimonio protexido no Catálogo do Plan Xeral de Ordenación Municipal deste Concello, sen que sexa constitutiva de infracción grave.
- A colocación de carteis, anuncios ou calquera tipo de publicidade na vía pública, en edificios públicos, fachadas de inmobles, árbores, zonas verdes da cidade e mobiliario urbano en xeral.
- Depositar publicidade de forma indiscriminada ou desordenada, nas escaleiras ou zona de acceso aos inmobles dende a vía pública.
- Depositar publicidade fóra das caixas de correo destinadas polos propietarios ao depósito exclusivo de publicidade.
- Botar material publicitario de xeito indiscriminado á vía pública, mediante a repartición manual de publicidade.
- A colocación de carteis en terrazas, edificios, fachadas de inmobles, etcétera, tanto públicos como privados, que non sexan os habilitados para esta función polo Concello.

#### ***Infraccións leves:***

- Emprego de animais como instrumento ou complemento da actividade publicitaria.
- Se ocupa os pasos de peonís ou invade a calzada.

A imposición de sancións será compatible coa existencia ao infractor, da reposición da situación alterada ao seu estado orixinal previo á comisión da infracción, mediante a retirada de obxectos, materiais, utensilios ou produtos con que se producira a infracción, así como no seu caso, a indemnización de danos e perdas causados polos feitos ocasionados.

#### **Artigo 8.- Responsabilidade**

Será responsable da infracción a persoa xurídica, física ou titular de calquera entidade recoñecida en dereito, que sexa obxecto de anuncio.

#### **Artigo 9.- Procedemento sancionador**

O exercicio da potestade sancionadora e o correspondente procedemento, estarán segundo o disposto no título IX da Lei 30/92 de Réxime Xurídico e Procedemento Administrativo Común, o RD 1398/1993 polo que se aproba o Regulamento do Procedemento para o exercicio da Potestade Sancionadora, e demais disposicións que lle sexan de aplicación.

#### **DISPOSICIÓN TRANSITORIA:**

Os carteis que se encontren instalados no momento de entrar en vigor esta Ordenanza, terán o prazo de tres meses para adaptarse aos preceptos recollidos nela.

Transcorrido este período aplicarase o réxime que establece a Ordenanza.